



# DOSSIER DE ACTIVIDADES

## 'PUNTOS VIOLETA' NOS IES MUNICIPAIS NO MARCO DO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

[SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA EN IGUALDADE DO CONCELLO DE OLEIROS]



Concello de  Oleiros

2024

# ÍNDICE

|                                                        |    |
|--------------------------------------------------------|----|
| PUNTOS VIOLETA .....                                   | 3  |
| OBRADOIROS NAS AULAS .....                             | 4  |
| 1. OBXECTIVOS.....                                     | 4  |
| 2. METODOLOXÍA .....                                   | 4  |
| 3. DESENVOLVEMENTO.....                                | 5  |
| 3.1. INTRODUCCIÓN .....                                | 5  |
| 3.2. FUNCIONAMENTO E NORMAS .....                      | 6  |
| 1. CONFORMACIÓN DOS EQUIPOS .....                      | 6  |
| 2. EN QUE CONSISTE «A REVOLUCIÓN ESTÁ SERVIDA»,? ..... | 6  |
| 3. AS CATEGORÍAS .....                                 | 7  |
| 4. OS DESAFÍOS .....                                   | 8  |
| 4.1. FAKE OU REAL? .....                               | 9  |
| 4.2. ÁBRESE O TELÓN! .....                             | 17 |
| 4.3. QUEN SABE, SABE! .....                            | 23 |
| 4.4. TEÑO ARTE NAS VEAS! .....                         | 34 |
| CUESTIONARIO-DIAGNOSE: REAL OU FAKE? .....             | 35 |

Como cada ano, o Concello de Oleiros quere facer explícito o seu compromiso en seguir traballando en prol dunha igualdade real, plena e efectiva, e acadar un municipio libre de violencia de xénero e demais violencias machistas; sen igualdade e sen violencias machistas, non é posible acadar unha sociedade verdadeiramente xusta, libre e democrática.

Por isto, o Concello de Oleiros continúa traballando de forma sostida, continuada e activa en prol da igualdade e contra as violencias, pois tan só así se pode conseguir un impacto real e efectivo. Mais tamén é consciente de que as datas de conmemoración son palestras comunicativas idóneas para a sensibilización e a concienciación, conseguindo chegar a unha maior parte da cidadanía, e potenciando o impacto social. Ademais, completan e apoian o traballo realizado o resto do ano.

Por este motivo, desde a área de Igualdade realizaranse accións de sensibilización, prevención, detección e actuación arredor da violencia de xénero nos centros educativos co alumnado dos distintos niveis de primaria e secundaria, para a conmemoración do 25 de Novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

A continuación, recóllese que son os Puntos Violeta, os obradoiros que se van desenvolver co alumnado de 1º da ESO nas aulas e o cuestionario-diagnose que se vai implementar co alumnado desde o propio Punto Violeta.

## PUNTOS VIOLETA

O 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, é un día para a concienciación sobre as violencias que sofren as mulleres nos diferentes ámbitos (persoal, profesional, académico etc.) e espazos (rúa, fogar, transporte, ocio nocturno etc.) da súa vida polo feito de selo.

Por isto, desde o Concello de Oleiros instalaranse **Puntos Violeta nos diferentes centros educativos municipais de primaria e secundaria**. Nos centros de secundaria, instalaranse **entre o 18 e o 25 de novembro**, abarcando un día para cada un dos centros de ensino durante a súa xornada escolar.

Os Puntos Violeta son **puntos de información, sensibilización e atención da violencia de xénero e demais violencias machistas**, conformados por un equipo experto de profesionais en materia de xénero, diversidade e violencias. Nestes Puntos Violeta, tanto o alumnado como o profesorado poderá recibir información sobre:

- Os diferentes tipos de violencias machistas (físicas, sexuais, económicas, psicolóxicas etc.) e as súas manifestacións (indicadores para a prevención, detección e actuación);
- Os recursos e servizos municipais, autonómicos e estatais de información e atención especializados na materia e á súa disposición;
- Temas de interese e preocupación entre o propio alumnado en materia de xénero, igualdade, diversidade e violencia de xénero e demais violencias machistas.

Desde os Puntos Violeta difundiranse materias arredor das diferentes manifestacións das violencias, co obxectivo de concienciar e sensibilizar ao alumnado arredor da mesma, así como de dotalo de ferramentas para a prevención, a detección e para actuar fronte a ela.

Ademais, acompañando á instalación dos Puntos Violeta, nos centros de secundaria realizaranse **obradoiros nas aulas, deseñados para traballar co alumnado de 1º da ESO**. A través destes, abordaranse cuestións relacionadas directamente coas **manifestacións das diferentes formas da violencia de xénero, poñendo especialmente o foco en como construír relacións e interaccións** sas coas demais persoas, en respectar as vontades alleas, en que se basea o acto de consentir (e como este é diferente a ceder); ao tempo que se lles achegan ao alumnado indicadores sinxelos e adaptados para a detección e actuación fronte ditas violencias. Así mesmo, desde o Punto Violeta distribuirase un breve cuestionario de 'verdadeiro ou falso', co que se busca detectar os imaxinarios do alumnado arredor de temas tales como o control en redes sociais, a influencia do porno na súa percepción sobre as relacións sexuais, o consentimento, a actuación fronte ás violencias etc.

|                    |                                                        |                                             |
|--------------------|--------------------------------------------------------|---------------------------------------------|
| DATA:              | Do 20 ao 25 de novembro de 2024                        |                                             |
| HORARIO:           | Xornada escolar                                        |                                             |
| LUGAR:             | Centros de educación secundaria do Concello de Oleiros |                                             |
| PÚBLICO OBXECTIVO: | PUNTOS VIOLETA:                                        | Alumnado e profesorado                      |
|                    | OBRADOIROS:                                            | Alumnado de 1º da ESO e profesorado dos IES |

# OBRADOIROS NAS AULAS

---

## 1. OBXECTIVOS

---

- Proporcionar ao alumnado un marco de referencia contextual e histórico arredor da conmemoración do 25 de Novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.
- Capacitar ao alumnado na prevención, detección e actuación fronte á violencia de xénero (sistema sexo-xénero, tipos de violencias, exemplos específicos, indicadores e recursos e servizos especializados).
- Dotar ao alumnado de ferramentas para que sexan que de entender que é o consentimento e como lles afecta.
- Facilitar ao alumnado indicadores sinxelos para a detección das violencias sexuais.
- Proporcionar ao alumnado ferramentas para fomentar o pensamento, a reflexión e a análise crítica arredor do imaxinarios sociais con nesgo de xénero e a construción do desexo a partir do consumo de porno.

## 2. METODOLOXÍA

---

A metodoloxía de traballo proposta para as actividades en aula ten un enfoque dinámico e participativo, pois está deseñada para o desenvolvemento de procesos de ludificación e aprendizaxe baseado en xogos.

Deste xeito, durante os obradoiros introducíranse dinámicas lúdicas e participativas que fomenten a motivación, a implicación e o compromiso coas temáticas abordadas, facilitando a aprendizaxe emerxente (a que se xera a partir das propias dinámicas do xogo) e a aprendizaxe incrustada (a que se xera a partir dos contidos abordados durante o propio xogo).

O xogo é unha ferramenta óptima para traballar co alumnado, pois permite e facilita a construción de espazos de aprendizaxe que impregnan de forma máis amable, activan os resortes da memoria a longo prazo e conseguen fixar os coñecementos dunha forma significativa e duradeira. Ademais, ao mesmo tempo, permiten a vivencia de experiencias e o adestramento de habilidades (consenso, colaboración, negociación, coordinación, entendemento mutuo, resolución de conflitos e comunicación asertiva, traballo en equipo, escoita activa etc.) para a construción de relacións interpersoais e para o desenvolvemento persoal e social.

Así, durante os obradoiros nas aulas, fomentárase unha aprendizaxe:

- **SIGNIFICATIVA:** traballárase tendo en conta os coñecementos, experiencias previas e vivencias que o alumnado posúe para, sobre esa base, construír espazos de aprendizaxe e reflexión, ferramentas e estratexias que axuden á comprensión e reconstrución dos seus propios coñecementos.

- **DE CONTEXTO:** realizaranse actividades lúdicas e didácticas, facilitando a posta en práctica e o desenvolvemento dos coñecementos adquiridos.
- **COOPERATIVA:** as actividades realizaranse en grupo, fomentando a colaboración e o consenso, e establecendo procesos de reflexión compartida.

No desenvolvemento dos obradoiros, as persoas dinamizadoras farán, por suposto, un uso non sexista e inclusivo da linguaxe.

|                               |                                                   |
|-------------------------------|---------------------------------------------------|
| <b>PERSOAS DESTINATARIAS:</b> | Alumnado de 1º da ESO (e profesorado acompañante) |
| <b>DURACIÓN:</b>              | 50 minutos cada obradoiro                         |

## 3. DESENVOLVEMENTO

### 3.1. INTRODUCCIÓN

Como pilar fundamental que é a educación na dotación dunha base para un desenvolvemento sa, emancipado, empático e autónomo das persoas en calquera dos ámbitos da vida, dentro do contexto social e, polo tanto, comunitario e colaborativo, un dos seus obxectivos principais é a de **capacitar para a reflexión, a análise e o pensamento crítico**. Para isto, é necesario desenvolver dinámicas encamiñadas á desmitificación das falacias, bulos, estereotipos, prexuízos e discursos de odio, ao tempo que se fomenta o respecto pola diversidade, a tolerancia, a igualdade, o compromiso social e a confianza mutua.

Tendo como obxectivo contribuír a este fin último, desde o SATICO (Servizo de Asistencia Técnica de Igualdade do Concello de Oleiros), deseñouse «**A revolución está servida**», unha **dinámica de aprendizaxe baseada en xogos** para o seu desenvolvemento nas aulas dos IES municipais, que invita ao coñecemento e á transformación dos prexuízos, estereotipos e bulos.

Esta dinámica de aprendizaxe lúdica, mesturando xogo dirixido con xogo serio e simulación, busca sensibilizar e concienciar ao alumnado arredor das diferentes formas do sexismo e a violencia de xénero, coa finalidade de que sexan quen de analízalas, detectalas, corrixilas, prevelas e actuar fronte a elas. Todo ilo con divertimento no centro, como estratexia para a fixación dos coñecementos de forma significativa e a longo prazo.

A continuación, recóllense unha descrición breve do seu funcionamento e normas, así como todos os materiais necesarios para o seu desenvolvemento.

## 3.2. FUNCIONAMENTO E NORMAS

**A revolución está servida** é unha dinámica de aprendizaxe baseada en xogos, na que se mestura dedución, memoria, narrativa, xogo de rol e azar. A través dela, búscase sensibilizar e concienciar ao alumnado arredor das diferentes formas do sexismo e a violencia de xénero.

A continuación, recóllense os principais aspectos para o seu desenvolvemento.

### 1. CONFORMACIÓN DOS EQUIPOS

Como primeiro paso para o seu desenvolvemento, dividirase ao alumnado en 4 grupos. Para isto, e co obxectivo de facer grupos o máis heteroxéneos posible e equilibrados numericamente, contarase con papeis de 4 cores diferentes. A cada alumno/a entregaráselle, de forma aleatoria, un papel cunha cor, e pediráselle que se xunten coas compañeiras/os que teñan a mesma cor. Conformados os grupos, exporáselle en que consiste «**A revolución está servida**». A continuación recóllese, nunha linguaxe coloquial a empregar nas aulas, a exposición para o seu desenvolvemento.

### 2. EN QUE CONSISTE «A REVOLUCIÓN ESTÁ SERVIDA»,?

«A revolución está servida» é un xogo por equipos no que se mestura a dedución, a memoria, o xogo de rol e algo de azar. Vamos, que o ten todo! E, por suposto, o equipo gañador leva premio.

**Como se gaña este premio?** Fácil, conseguindo o máximo número de puntos posible. O equipo que máis puntos consiga, gaña o xogo.

**E os puntos, como se conseguen?** Esta é a chicha da cuestión... Pero antes un par de normas que son de obrigado cumprimento:

- 1. Consensuaredes por enriba de todas as cousas.** Así que non vale que cada persoa do equipo grite a resposta ou a opción que pensa que é correcta. E tampouco que lle diga ao resto que ten que dicir ou decidir. Non. Tedes que acordar cal é a solución correcta. E cando o teñades, unha persoa á que nomearedes portavoz, trasladará a resposta. A persoa portavoz pode ser sempre a mesma, ou ir cambiando en cada desafío... o que vós consensuedes!
- 2. Respectarás aos demais equipos e as súas quendas.** Aquí gústanos o bo trato e, como tal, nada de burlas, insultos, interrupcións, *boicoteos* ou enfrontamentos coas persoas dos demais equipos. Se gañamos, que sexa de forma honesta, non?

Agora si, a chicha.

Para arrancar o xogo, **todos os equipos ides tirar o dado, comezando a xogar por orde do número máis baixo ao máis alto.** Se hai empate, os equipos involucrados volver tirar o dado. E así ata que haxa un orde desde o máis alto ao máis baixo. Feito isto, comezamos a xogar!

«A revolución está servida» conta con **6 categorías de xogo**: *Real ou Fake?*, *Ábrese o telón!*, *Quen sabe, sabe!*, *Teño arte nas veas!*, *Rebobina!*, e *A sorte chiscoume un ollo!*. **Cando sexa a quenda de cada equipo, tirará o dado para ver que categoría lle toca.**

Cada unha das 6 caras do dado corresponden a:

1. Real ou Fake?
2. Ábrese o telón!
3. Quen sabe, sabe!
4. Teño arte nas veas!
5. Rebobina! (tedes que volver tirar)
6. A sorte chiscoume un ollo! (podedes escoller a categoría que queirades)

Tendo a categoría, lanzarémvos o reto! E tedes que consensuar a solución.

Pero para complicalos un pouco...tedes o **tempo limitado para decidir!** Unha vez digamos 'TEMPO!!!', tedes que dar unha resposta. E se non contestades ou acertades...**a pregunta rebota** a outro equipo! Así que, prestade atención todos os equipos e ide consensuando as vosas respostas, porque no rebote ides ter aínda menos tempo para contestar!

**E como se colle o rebote?** Un clásico pedra-papel-tesoira...pero cun xiro: a 3 bandas! Quen gañe, ten o rebote e pode contestar a pregunta.

**E cantos puntos por cada pregunta?** Darémvos unha tarxeta violeta que equivale a 3 puntos cada vez que solucionedes un reto. Pero iso non é todo, se ademais sabedes contestar correctamente ao PORQUÉ da resposta, tedes outra tarxeta extra! O equipo que máis tarxetas teña, gaña. Fácil, non?

### 3. AS CATEGORÍAS

**E en que consiste cada un dos desafíos?** Para darlle ás á imaxinación, e complicalos todo un pouco máis, tamén hai que dicilo, ides ir sabéndoo sobre a marcha. Primeiro escolledes categoría. Segundo, a explicamos! Excepto *Rebobina* e *A sorte chiscoume un ollo*, que xa sabedes: a primeira, volvedes tirar o dado; e a segunda, escolledes a categoría que queirades.

Iso si, para facilitar a comprensión dos desafíos, van aparecer na pantalla.

Arrancamos!

## EXPLICACIÓN DAS CATEGORÍAS:

|                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Real ou Fake?</b><br>[pregunta de verdadeiro ou falso]  | Ímosvos lanzar unha afirmación e vós tedes que consensuar entre vós se é correcta ou incorrecta. Pero para seguir complicando o xogo: tedes que dicir <b>FAKE!</b> se pensades que é falso, ou <b>REAL!</b> se pensades que é verdadeiro. Xa sabedes, se non acertades, hai rebote! Pero aí non remata todo... para levar os 3 puntos extra tedes que responder a: POR QUE?                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| <b>Ábrese o telón!</b><br>[dinámica de role playing]       | Ímosvos expoñer unha situación e tedes que consensuar para responder á seguinte pregunta: VÓS QUE LLE DIRIADES? Se nos convence a resposta...3 puntos! E se respondedes a: E POR QUE LLE DIRIADES TAL?, outros 3!                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| <b>Quen sabe, sabe!</b> [pregunta con opcións de resposta] | Ímosvos lanzar unha pregunta con 4 opcións de resposta para que consensuedes cal de todas elas é a correcta. Porque si, só hai 1 correcta. Se faiades, rebote! E se acertades, 3 puntos! E se ademais respondedes a: E ISTO, QUE IMPLICA?, outros 3 puntos!                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| <b>Teño arte nas veas!</b> [dinámica de debuxo ou mímica]  | <p>Esta está pensada para darlle corda a quen lle guste a pintura ou a actuación! Primeiro, tedes que consensuar para escoller a 2 persoas do grupo que saian á palestra. Darémoslles a escoller un concepto dunha lista e terán que decidir se a debuxan ou a representan mediante mímica (sen falar!) para que o seu equipo adiviñe. Teñen que ser áxiles, iso si, porque o tempo é moi limitado. Se non a adiviñades... rebote! E se adiviñades, pois 3 puntos! E se ademais respondedes a: QUE SIGNIFICA? Outros 3 puntos!</p> <p>Se no rebote ninguén acerta, o equipo que ten a quenda poderá intentar conseguir 3 puntos expoñendo o seu significado.</p> <p>Ademais, as ou os artistas que saian á palestra, tamén terán a súa recompensa...</p> |

## 4. Os DESAFÍOS

A continuación recóllese a batería de preguntas e desafíos que se lle exporán ao alumnado, clasificadas na súa categoría e temática correspondente.

## 4.1. FAKE ou REAL?

[preguntas de verdadeiro ou falso]

---

Seccións:

1. CONMEMORACIÓN 25N
2. PORNO
3. CONSENTIMENTO
4. SEXISMO E ROLES DE XÉNERO
5. CONTROL EN REDES
6. VIOLENCIAS PSICOLÓXICAS
7. RECURSOS E ACTUACIÓN FRONTE ÁS VIOLENCIAS

## CONMEMORACIÓN 25N

1. O 25 de Novembro conmemórase o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
2. A proclamación do 25 de Novembro como día de conmemoración internacional naceu por iniciativa de países europeos, entre os que se atopaba España.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
3. A educación e a sensibilización é fundamental para combater a violencia contra as mulleres.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
4. A ONU proclamou o 25 de Novembro como data conmemorativa no ano 1999.
  - c. Verdadeiro (REAL)
  - d. Falso (FAKE)
5. As irmás Mirabal foron asasinadas por defender os dereitos das mulleres e loitar conta a ditadura.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
6. O símbolo asociado á loita contra a violencia machista é o lazo azul.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
7. As irmás Mirabal era coñecidas como 'As Libélulas'.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
8. As irmás Mirabal simbolizan a loita contra as inxustizas e a violencia machista a nivel global.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
9. O asasinato das irmás Mirabal é un exemplo de como a violencia de xénero tamén pode ser unha ferramenta política de represión.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)

## PORNO

10. Os gustos e desexos de cada quen son algo biolóxico co que se nace.

- c. Verdadeiro (REAL)
- d. **Falso (FAKE)**

11. O porno é algo do que se fala con normalidade na casa.

- e. Verdadeiro (REAL)
- f. **Falso (FAKE)**

12. Os vídeos e pelis porno reflexan de forma realista como adoitan ser as relacións sexuais.

- c. Verdadeiro (REAL)
- d. **Falso (FAKE)**

13. Nos vídeos e pelis porno adoitan darse comportamentos de dominación e control dos que hai que tomar nota para ter relacións plenas.

- c. Verdadeiro (REAL)
- d. **Falso (FAKE)**

14. As relacións sexuais deberían basearse no respecto mutuo, o diálogo e o consenso entre todas as persoas implicadas.

- c. **Verdadeiro (REAL)**
- d. Falso (FAKE)

15. Nas relacións sexuais, os homes deberían levar o mando, ter o control da situación, e as mulleres simplemente deixarse levar.

- a. Verdadeiro (REAL)
- b. **Falso (FAKE)**

16. Tódalas persoas deberían sentirse libres para expresar a súas preferencias e límites nas relacións sexuais, sen medo a que as presionen para manter prácticas que non queren.

- a. **Verdadeiro (REAL)**
- b. Falso (FAKE)

17. Nas relacións sexuais, as persoas deberían aprender a ceder ante os desexos dos demais.

- a. Verdadeiro (REAL)
- b. **Falso (FAKE)**

18. O porno pode xerar en nós expectativas pouco realistas sobre como son as relacións sexuais e o comportamento que nelas deberían ter as persoas.

- a. **Verdadeiro (REAL)**
- b. Falso (FAKE)

19. Nas relacións sexuais, é suficiente con que unha das persoas implicadas se sinta cómoda expresando o que lle gusta, o que quere e o que non.

- a. Verdadeiro (REAL)
- b. **Falso (FAKE)**

20. As expectativas que temos sobre as relacións sexuais adoitan estar influenciadas polo que vemos en películas, redes sociais, publicidade e demais medios de comunicación.

- a. **Verdadeiro (REAL)**
- b. Falso (FAKE)

## CONSENTIMENTO

1. A todo o mundo lle gusta que lle dean apertas.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
2. Se unha persoa di que non lle apetece facer algo, non hai nada de malo en insistirle moito para que cambie de idea.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
3. Cunha persoa coa que teño confianza, é normal poder mandarlle fotos íntimas sen preguntarlle primeiro se as quere.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
4. Podo compartir fotos ou vídeos doutras persoas sen o seu permiso sempre e cando aparezan sorrindo.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
5. Se alguén me etiqueta nunha foto ou vídeo e non me gusta, teño dereito a pedirlle que elimine a etiqueta ou que directamente borre a foto.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
6. Se lle mando un vídeo ou foto íntima a unha persoa deixa de ser miña e pasa a ser súa, de forma que pode compartila e ensinarlla a quen queira.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
7. Antes de subir unha foto ou vídeo ás miñas redes sociais, debería preguntarlle ás persoas que aparecen en se están de acordo.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
8. Non pasa nada se lle ensinas a outras persoas un vídeo ou foto íntima que alguén che mandou, sempre e cando non o compartas en grupos de WhatsApp ou publiques en redes sociais.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
9. Consentir significa que unha persoa cede a facer o que outra persoa quere que faga.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
10. Se unha persoa di que algo lle gusta, non hai nada de malo en que cambie de idea e xa non lle guste ou lle apeteza.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)

## SEXISMO E ROLES DE XÉNERO

1. Os homes poden sentir o mesmo interese ou máis pola moda ou a maquillaxe que as mulleres sen que iso teña nada que ver coa súa orientación ou identidade sexual.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
2. Aos homes dáselle mellor os deportes que ás mulleres.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
3. Os homes son mellores desenvolvendo traballos máis físicos como a mecánica ou a fontanería, mentres que as mulleres son mellores en traballos de coidados como a enfermaría ou a educación infantil.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
4. As mulleres adoitan nacer con maior sensibilidade para valorar certas disciplinas artísticas como a danza ou o teatro.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
5. Os homes adoitan nacer con maior capacidade para interesarse pola enxeñería, a tecnoloxía ou a informática.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
6. As mulleres e os homes poden ser igual de competentes en calquera profesión ou traballo para o que se formen, xa que as súas capacidades non dependen do seu xénero.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
7. As mulleres adoitan ter traballos de menor responsabilidade porque non se lles dá ben estar ao mando, liderar equipos ou tomar decisións importantes.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
8. Ás mulleres dáselle mellor a enxeñería que aos homes.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
9. Para chegar a postos de mando, as mulleres deberían demostrar que están igual de capacitadas ou máis que os homes.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
10. Os homes adoitan ocupar máis postos de mando e traballos con máis responsabilidade porque dáselles mellor o liderado que ás mulleres.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)

## CONTROL EN REDES

1. Pedirlle a alguén con quen me relaciono as súas contrasinais ou ter acceso ás súas redes sociais como mostra de confianza non ten nada de malo.  
a. Verdadeiro (REAL)  
b. **Falso (FAKE)**
2. Se unha persoa me pide as miñas claves de redes sociais para 'poder confiar máis en min', está exercendo unha dinámica de control comigo.  
a. **Verdadeiro (REAL)**  
b. Falso (FAKE)
3. Teño dereito a revisar o móbil ou as redes sociais dunha persoa coa que estou saíndo.  
a. Verdadeiro (REAL)  
b. **Falso (FAKE)**
4. Se unha parella ou amizade tarda en responderme ás mensaxes, significa que me está ignorando.  
a. Verdadeiro (REAL)  
b. **Falso (FAKE)**
5. Se alguén non ten nada que ocultar, non terá problema en compartir a súa localización en tempo real.  
a. Verdadeiro (REAL)  
b. **Falso (FAKE)**
6. Non teño por que saber que fai todo o tempo nas súas redes unha persoa coa que me relaciono, aínda que ás veces poida sentir inseguridade ou medo.  
a. **Verdadeiro (REAL)**  
b. Falso (FAKE)
7. Nunha relación, pedir capturas de pantalla das conversas que a miña parella ten con outras persoas, é unha proba de amor.  
a. Verdadeiro (REAL)  
b. **Falso (FAKE)**
8. As persoas coas que me relaciono teñen dereito a dicirme que elimine fotos ou publicacións das miñas redes sociais nas que non aparecen.  
a. Verdadeiro (REAL)  
b. **Falso (FAKE)**
9. Non hai nada de malo en pedirlle a unha persoa coa que me relaciono que deixe de seguir ou bloquee a outras coas que prefiro que non se relacione.  
a. Verdadeiro (REAL)  
b. **Falso (FAKE)**
10. Non pasa nada por insistirle a unha persoa que publique fotos comigo para que a xente saiba que estamos xuntos/as.  
a. Verdadeiro (REAL)  
b. **Falso (FAKE)**
11. Se lle insisto a unha persoa coa que me relaciono para que me mostre as súas conversas ou DMs, estou exercendo unha forma de control.  
a. **Verdadeiro (REAL)**  
b. Falso (FAKE)
12. Nas relacións baseadas na confianza e o respecto mutuo, as redes sociais deberían ser espazos de liberdade, onde cada quen pode compartir cousas de forma libre e porque lle apetece, sen medo a ter represalias.  
a. **Verdadeiro (REAL)**  
b. Falso (FAKE)

## VIOLENCIAS PSICOLÓXICAS

1. As humillacións e palabras ferintes poden xerar nas persoas problemas de autoestima, inseguridade, perda de confianza en si mesmo/a etc.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
2. Dicirlle a unha persoa coa que me estou relacionando como se debe vestir ou comportar, é unha forma de control.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
3. Se unha persoa coa que me relaciono me fai sentir mal cada vez que fago plans sen ela, é unha forma de chantaxe emocional.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
4. Dicirlle a alguén que é inútil ou que non vale para nada, é unha forma de violencia.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
5. Que unha persoa sinta medo por algo que lle digo sen insultala nin ameazala non é unha forma de violencia; é un problema que ten ela por mor das películas que se monta.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
6. Culpabilizar á outra persoa constantemente de todos os problemas e conflitos que temos na relación, é unha forma de manipulación emocional.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
7. Non é normal que unha persoa coa que me relaciono me insulte ou infravalore en público, aínda que diga que é unha broma ou un vacile.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
8. Se cada vez que fago algo que a unha persoa coa que me relaciono non lle gusta, esta ameaza con deixarme, é unha forma de manipulación emocional.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
9. Ignorar ou deixar de falarlle a unha persoa coa que me relaciono como forma de castigo, é unha forma de violencia psicolóxica coñecida como a 'lei do xeo'.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
10. Ser compracente coas persoas que se relacionan comigo é fundamental para que non me deixen de querer.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
11. É normal facerlle sentir a alguén con quen me relaciono que me debe algo. Para algo decidín escollela!
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)

## RECURSOS E ACTUACIÓN FRONTE ÁS VIOLENCIAS

1. Os servizos e recursos especializados fronte ás violencias machistas tan só poden empregalos as persoas que se atopan nunha situación de violencia.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
2. Por moito que saiba que unha persoa é vítima de violencia, non podo facer nada porque é algo que tan só lle compete a ela.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
3. O 016 é un servizo gratuito e confidencial para vítimas de violencia de xénero que non deixa rastro.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
4. Se unha persoa comparte comigo que está nunha situación de violencia, diríalle que a quen llo ten que contar non é a min, senón á Policía.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
5. O teléfono 116 111 é un teléfono de consulta dirixido a persoas maiores de idade.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
6. Se sospeito que unha persoa está vivindo unha situación de violencia, o mellor que podo facer é respectar o seu espazo e non facer nada, porque senón estaría invadindo a súa privacidade.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
7. Actuar de forma óptima cunha persoa que se atopa nunha situación de violencia pasa por ofrecerlle o meu apoio e escoita, informal dos recursos e servizos especializados e derivala cara os mesmos.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
8. O 112 é un teléfono de emerxencias ao que tan só podemos chamar en caso de catástrofe natural ou accidente de tráfico.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
9. O teléfono 900 20 20 10 da Fundación ANAR é recursos de atención e acompañamento dirixido a persoas menores de idade que se atopen nunha situación de violencia ou vulnerabilidade.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
10. Aos Servizos Sociais municipais tan só poden acudir persoas maiores de idade que non teñen recursos económicos.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
11. É mellor arranxar as cousas na casa que andar buscando axuda nos servizos e recursos especializados; estes sempre rematan xerando problemas maiores.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)
12. Se me atopo nunha situación que pode xerar perigo para min ou para outra persoa, podo chamar á Policía Local, á Garda Civil ou ao 112.
  - a. Verdadeiro (REAL)
  - b. Falso (FAKE)

## 4.2. ÁBRESE O TELÓN!

[dinámicas de *role playing*]

---

Seccións:

1. ROLES DE XÉNERO
2. SEXISMO NOS INTERESES E GUSTOS PERSOAIS
3. PORNO
4. CONSENTIMENTO
5. VIOLENCIA PSICOLÓXICA
6. CONTROL EN REDES
7. ACTUACIÓN FRONTE A VIOLENCIA DE XÉNERO

## ROLES DE XÉNERO

Neves pasa o día, desde que se levanta ata que se deita, atarefada con cousas da casa. Todo o día! Entende que os seus 7 compañeiros de piso están cansos de traballar. Pero ela tamén! O seu día arranca cando se levanta para prepararlles o almorzo, e logo límpalo todo, claro. Unha vez a cociña está limpa, tocan as camas: 8! E logo os baños, imaxina como queda despois de que 7 persoas con prisa pasen por alí... Con sorte, non ten lavadoras que poñer e colgar, e roupa que recoller, dobrar ou pasarlle o ferro. Neses días bos sen colada, **pode airearse un pouco indo facer recados ou ao súper**<sup>1</sup>. Pero como sexa día de colada, non pisa a rúa! Claro, pero aínda así, o po hai que límpalo, barrer e fregar, sacar aos cans, regar as plantas, ... E claro, cando os 7 volven, tenlles que ter a cea feita porque chegan cansos. E volta a arrancar: limpar o comedor e os cacharros despois da cea, limpar os baños despois de que 7 persoas que traballan nunha mina pasen por eles.... e como guinda do día, cantarlles ata que queden durmidos e prepararlles a roupa para o día seguinte. Cada día está máis triste, pero tamén máis enfadada, porque é consciente de que non ten nin un minuto para ela. Non lle chega o día! Non pode pintar, que lle encanta, nin ler, nin quedar coas amigas, nada. Está farta pero non sabe que facer para saír desa situación.

Un día, de paso que vai mercar calcetíns e botas para os 7 compañeiros de piso, consegue cadrar convosco para tomar un café de 15 minutos. Como a notades abafada, preguntádeslle que pasa e contavos todo isto.

E vós, que lle diríades?

## SEXISMO NOS INTERESES E GUSTOS PERSOAIS

A Rubén encántalle o mundo do teatro e a danza. Desde pequeno encántalle bailar, recrear musicais e vestirse de mil personaxes distintas. O seu pai, vendo o ben que o pasa e o moito que disfruta, preguntoulle se se quería ir a baile e Rubén díxolle que claro que si!

Así que este ano comezou a asistir a clases de danza clásica e contemporánea e encantáballe. De feito, facíalle tanta ilusión que compartiu cos seus compis de clase o moito que estaba aprendendo e os pasos que xa sabía facer. Pero comezou a ter algún que outro problema por isto.

E é que no insti, algúns compañeiros e xente doutros cursos métese con el, fanlle burla e mófanse del. Dinlle que iso é cousa de nenas, así que é un mariquita, un mariposón. E fanlle parodia nos corredoiros facendo que bailan.

Ao principio Rubén decidiu que non lle ía dar importancia e que non lle ía afectar. Pero cada vez síntese peor e máis triste, e si que lle está afectando. Ademais, ten medo que lle poñan algún mote que o acompañe durante todos os anos que estea no instituto. Síntese xulgado e incomprendido.

Así que Rubén deixou de compartir todo o relacionado coa danza cos seus compañeiros. Ademais, sinte que xa non está tan ilusionado, e mesmo pensou en deixar as clases de danza. Sinte que a súa paixón pola danza se está apagando e que igual é certo que sendo un neno debería interesarse por outras cousas máis acorde cos rapaces. Andará algo mal nel?

Así que un día durante o recreo decide compartir convosco como lle está afectando a situación, e todas as dúbidas que lle están xurdindo coa danza e preguntavos como o vedes....

Vós, que lle diríades?

<sup>1</sup> Frase que non parece problemática pero o é, e moito, a traballar co alumnado.

## PORNO

A Martín encántalle pasar tempo cos colegas, tanto no mundo real coma no dixital. E no dixital, andan o día tecleando e falando e contándose todo por Telegram, WhatsApp, Instagram, Daze... Calquera cousa graciosa, curiosa, ou salseo, compártena. De feito, falan máis polo grupo que cando se teñen fronte a fronte.

Nestas, a semana pasada un deles compartiu un vídeo que resultou ser un vídeo porno. E entre as risas, fóronse compartindo máis e máis. E claro, Martín, como calquera persoa con curiosidade e intriga, viunos, riu e buscou algún outro para compartilo tamén co resto. Así que os vídeos comezaron a ter cada vez máis protagonismo no chat.

Os vídeos, se ben lle facían sentir ás veces incómodo, tampouco era capaz de deixar de velos. De feito, aumentaban aínda máis a súa curiosidade, así que comezou a buscar e ver cada vez máis, aínda que non fosen para compartir. Nalgúns deles aparecían escenas con bastante violencia, e ás veces incluso lle daba a sensación de que elas non querían, que se resistían. Pero ao final, parecía que a elas lles gustaba, así que pensou que bueno, igual iso era o normal. Pero seguiu co runrun na cabeza, así que decidiu escribir polo grupo *'oes, non vos parece que isto é un pouco raro? É que parece que ás tías hai que tratalas mal, e non creo que sexa así na vida real'*. Varios deles coméntanlle que ten razón, que na vida real seguro é outra cousa, e algún escribe: *'como teña que facer todo iso, mira, eu paso!'*, *'a min tamén me custa crer que sexa así'*, pero outros comezaron a comentarlle que diso ía a cousa, facendo comentarios como *'xa sabes que a elas lles encantan os tipos duros, que teñan o control'*. E entre comentario e comentario, aí está Martín, que non sabe moi ben que pensar.

Así que vós, que lle diríades?

## CONSENTIMENTO

Alex e Knock levan un tempo quedando. Gústanse e din estar a gusto. Pero esta última semana, cada vez que están a soas, Knock dille de ir un pouco máis alá fisicamente. Alex dille que non quere, polo de agora non, e que non siga insistindo porque xa lle dixo varias veces que lle dá cousa e prefire esperar. Pero Knock volve insistirle. E ao final, ou enfádase Knock porque Alex lle di que non, ou enfádase Alex porque Knock non deixa de insistir.

E onte volveron quedar, e outra vez o mesmo conto. Pero desta vez Knock pasouse, porque comezou a dicirlle que se estaba cansando das súas escusas, que non había por onde collelas, e que se non lle gusta que llo diga xa e deixe de facerlle perder o tempo, porque o normal se unha persoa che gusta e que veña só, que todo o mundo o fai, e que se sinte que non lle está a dar o sitio que se merece.

E Alex leva todo o día dándolle mil voltas, porque igual Knock ten razón e ao final vai conseguir que marche e todo mal. Si, igual debería demostrarlle o seu afecto dalgún xeito e aínda que non queira, ceder e xa está. Porque isto estase convertendo nun conflito e ten que parar.

Así que esta mañá, díxovos que precisaba falar convosco no recreo, e cóntavos a súa situación e o seu dilema e vos pregunta que pensades e que debería facer.

E vós, que lle diríades?

## VIOLENCIA PSICOLÓXICA

Lía e Marcos levan un tempinho saíndo. Cando comezaron, estaba moi ilusionada, e el tamén. E séguelo querendo moito, pero están pasando cousas que non sabe se é ela que é unha raiada e se monta películas, ou se Marcos realmente non a trata ben. Pero case segura é cousa dela, porque Marcos dille 'ti estás fatal'.

Cando comezaron saír, estaban todo o día xuntos, non se despegaban! Onde ía Marcos e os seus colegas, alá ía Lía. Pero claro, comezou botar de menos ás súas amizades, a quen só vía no insti e pouco máis, así que quixo facer plans con elas.

A Marcos non lle fixo moita gracia, pero díxolle que ela vería, que fixese o que quixese. E claro, como Lía o que quería era ver ás súas amizades, quedou con elas o venres un venres pola tarde. Pero ao longo da tarde e durante toda a fin de semana, Marcos non lle falou nin lle respondeu ás mensaxes. E doeulle, porque sabía que a estaba castigando. E non lle pareceu xusto, así que enfadouse e escribiulle que non era normal que a tratase así, que ela non estaba facendo nada malo por querer pasar tempo coa xente á que quería. Que el, tendo un grupo de colegas cos que lle encantaba estar, debería entendela mellor ca ninguén.

Pero chegou o luns, e viu a Marcos no insti. Este díxolle que era unha paranoica, que el en ningún momento a castigara, que estivera ocupado e non lle puidera contestar, e que estaba vendo cousas onde nos as había. Así que Marcos enfadouse con Lía por facerlle tales acusacións. E Lía sentiuse moi culpable, igual se pasara de *frenada* e de dramática, así que pediulle mil veces perdón ata que Marcos o fixo. E para compensar o mal que se sentía, durante uns días dedicoulle todo o tempo do mundo, facendo todos o que el quería. Que menos despois de comportarse tan mal con el.

Pero o conto volveuse repetir. Cada vez que Lía facía algo que a Marcos non lle chistaba, el desaparecía uns días. E unha vez, e outra, e outra lle dicía que non a estaba castigando, simplemente tivera cousas que facer ou estivera mega ocupado. Así que Lía non para de rallarse e pensar que é ela a que está tola.

Está preocupada, así que un día volo conta, porque necesita ter a opinión de alguén que o vexa desde fóra, xa que ela xa non sabe que pensar.

Vós, que lle diríades?

## CONTROL EN REDES

Cris e Gabi quérense moito e están moi a gusto. Ademais teñen gustos moi semellantes, o que facilita todo. Un día, Cris dille a Gabi que nunca antes sentira algo así por ninguén, e que lle gustaría que non tiveran segredos, que se contasen todo e se tiveran confianza para todo. A Gabi parécelle marabilloso! Non pode estar máis de acordo, e sente que isto fortalece moito a súa relación. Que bonito!

Pouco despois, Gabi volve sacar o tema da confianza, dicíndolle que estaría ben que non houbese ningunha barreira que poida poñer en risco esa confianza, propoñéndolle a Cris, como mostra desa confianza e compromiso, intercambiar as contrasinais das súas redes sociais, e ter acceso ás súas conversas e DMs.

Cris quere e confía en Gabi, e quere que Gabi tamén confíe, pero incomódalle ter que compartir as contrasinais, non lle parece necesario. Ademais, todo o mundo necesita un pouco de privacidade! E así llo traslada a Gabi, pero Gabi insístelle en que se non hai esa confianza plena, a relación sempre vai ser superficial e estar en risco. Así que Cris, aínda que non quere, cede e dálle as súas contrasinais e acceso ao seu WhatsApp web.

Aos poucos días, Gabi menciónalle unha conversa que Cris mantivo con outra persoa. Cris dille que esa persoa leve desde sempre na súa vida, que se teñen moito aprecio, coñécense moi ben e falan de moitas cousas.

Gabi contéstalle a isto que é libre de facer o que queira, pero que non lle gusta a situación, engadindo que se de verdade sentira algo especial, entendería que esa amizade é unha ameaza para a súa relación. Gabi insisten en que así non pode confiar, que a relación está en risco, e para poder confiar, como proba amor e respecto, debería reducir o contacto con esa persoa.

Ademais, estes días Cris ten un pouco de agobio porque Gabi non para de mandarlle mensaxes, e se non responde ao momento, parécelle mal, e sóltalle cousas como 'todo o mundo é máis importante ca min', 'a miña confianza está en perigo de extinción, e se non podo confiar, vou ter que marchar e será culpa túa por descoidar isto tan bonito que temos'. E dá igual o que faga ou lle diga, sempre hai reproches.

Así que Cris sente ao mesmo tempo confusión, enfado, tristeza e culpabilidade, porque quere a Gabi, e ao final Gabi estalle comunicando unha necesidade, así que ten que ter responsabilidade afectiva e demostrarlle o moito que lle quere. Pero tamén ve que ten que estar cedendo ás demandas de Gabi para ter un pouco de paz, pero nin así, nunca nada é suficiente.

Así que un día Cris xa non sabe se está facendo o correcto ou non. Non quere perder a Gabi, pero tamén pensa que isto non é normal. Así que preguntavos a vós que opinades.

E, vós que lle diríades?

## ACTUACIÓN FRONTE A VIOLENCIA DE XÉNERO

Xoán e Laura, despois de anos sen contacto, acaban de volver atoparse no instituto. Vaia alegría levaron! Estudaron na mesma Escola Infantil, pero logo Laura marchou vivir a outro concello e perderon o contacto. Mais este ano, Laura e a súa familia volveron a Oleiros a vivir coa súa avoa, que está maior e queren pasar máis tempo con ela.

Atopáronse o primeiro día de clase, e recoñecéronse, claro. Medraran, si, pero asemellábanse á imaxe que tiñan da escola. Así contáronse a vida enteira, tiñan moito do que actualizarse!

Xoán sabe que Laura está saíndo cun rapaz do seu anterior instituto. Ao comezo, díxolle que estaba moi contenta, moi ilusionada e que lle gustaba moito. Pero agora algo cambiou porque Laura díxolle fai un par de semanas que non están levando ben a distancia, porque o seu mozo ten cada vez máis momentos de celos e dille que non confía nada nela. Ás veces, que incluso lle di cousas moi duras e que a insulta, pero que bueno, que ao final é porque a quere e que entende que a distancia non é fácil para el.

Ademais, estas dúas últimas semanas Xoán ten a sensación de que Laura o está evitando. Xa non se achega a el, non lle di nada, tan só lle contesta, canceloulle unha quedada e, desde aquela, dille que está moi ocupada e que non pode quedar nin con el nin con ninguén. Ademais, está cada vez máis seria, máis calada, máis triste. E onte bloqueouno no móbil.

Así que esta mañá, antes de entrar a clase, dirixiuse a ela e preguntoulle que estaba pasando, que por favor lle dixese algo porque non entendía nada. E Laura confesoulle que non estaba ben co seu mozo, que cada vez lle facía comentarios máis desagradables, lle gritaba todo o tempo, lle prohibía quedar con el e outra xente, que a obrigaba a ter a localización en tempo real activada todo o tempo e a facer vídeo chamadas constantemente. Díxolle tamén que fai uns días lle pediu ter acceso ao seu Instagram e tamén a WhatsApp, e para que non houbese lío de novo pois deullas. E claro, como viu que falaba con Xoán e de cando en vez se mandaban reels e tiktoks, pois que lle dixo que o bloquease ou que a deixaba.

Laura sabe que non está ben, pero quéreo e sabe que se lle van pasar. Que o seu mozo moitas veces lle pide perdón, di que o sinte e lle promete que tan só é unha etapa, mentres se acostuman a poder quedar tan só algúns fins de semana. E ela sabe que pode axudarlle a que confíe nela.

Xoán rebenta e dille que ese mozo seu é un desgraciado e que lle vai dar unha malleira. Laura rógalle que non, por favor que non lle diga nada, e que o mellor é que deixen de falarse e verse porque non quere líos.

Xoán comeza a darlle voltas e dáse conta que igual non foi a mellor forma de proceder. Necesita consello, porque está preocupado e quere axudala, pero non sabe como facelo. Así que queda convosco para explicarvos a situación e pedirvos axuda en como proceder.

Vós, que lle diríades?

## 4.3. QUEN SABE, SABE!

[preguntas con opcións de resposta]

---

Seccións:

1. CONMEMORACIÓN 25N
2. PORNO
3. CONSENTIMENTO
4. ROLES DE XÉNERO E USOS DO TEMPO
5. CONTROL EN REDES
6. VIOLENCIAS PSICOLÓXICAS
7. ACTUACIÓN FRONTE ÁS VIOLENCIAS

## CONMEMORACIÓN 25N

1. En que ano proclamou a ONU o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación das Mulleres se conmemora o 25 de novembro?
  - a. 1988
  - b. 1995
  - c. 1999
  - d. 2003
2. Cal destas accións simboliza o 25 de novembro?
  - a. Evitar falar da violencia de xénero para non incomodar a ninguén.
  - b. Participar en marchas e actividades para falar e reflexionar arredor da violencia de xénero.
  - c. Tan só falar da violencia de xénero cando me afecta a min ou a alguén da miña contorna.
  - d. Ningunhas das opcións é correcta.
3. Por que o Día Internacional para a Eliminación das Mulleres se conmemora o 25 de novembro?
  - a. Porque o 25 de novembro de 1956 aprobouse o voto feminino en moitos países.
  - b. Porque o 25 de novembro de 1960 as irmás Mirabal foron asasinadas por opoñerse á ditadura de Trujillo na República Dominicana.
  - c. Porque o 25 de novembro conformouse un grupo feminista en Estados Unidos moi importante
  - d. Porque o 25 de novembro a ONU decidiu por consenso celebrar a igualdade de xénero.
4. Quen eran as irmás Mirabal?
  - a. Escritoras que denunciaron a violencia de xénero nos seus escritos.
  - b. Monxas que loitaron polos dereitos das mulleres.
  - c. Líderes dun grupo feminista que impulsou a conmemoración do 25N como Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.
  - d. Activistas políticas que loitaron contra a ditadura na República Dominicana.
5. Cantas eran as irmás Mirabal?
  - a. 3
  - b. 6
  - c. 9
  - d. 11
6. Que tipo de violencia simboliza o asasinato das irmás Mirabal?
  - a. Violencia de xénero
  - b. Violencia política
  - c. A intersección entre violencia de xénero e violencia política.
  - d. Ningunha das opcións é correcta.
7. Cal era o alcume das irmás Mirabal?
  - a. Las Luciérnagas
  - b. Las Ninja
  - c. Las Extraordinarias
  - d. Las Mariposas

**8. Por que as irmás Mirabal eran coñecidas como 'Las Mariposas'?**

- a. Porque era alcume que empregaban para asinar os seus artigos feministas.
- b. Porque fundaron unha organización clandestina chamada 'Las Mariposas'.
- c. **Porque era o seu alcume dentro do movemento de resistencia.**
- d. Porque as bolboretas simbolizan a igualdade.

**9. O asasinato das irmás Mirabal trouxo consigo...**

- a. A caída inmediata da ditadura de Rafael Trujillo na República Dominicana.
- b. A un movemento global de denuncia contra as ditaduras en América Latina.
- c. A creación dunha asociación internacional feminista.
- d. **Unha fonda indignación social que contribuíu á caída da ditadura de Trujillo.**

## PORNO

10.\*Na actualidade, a idade media na que as persoas teñen por primeira vez acceso ao porno é...

- e. Os 7 anos
- f. Os 9 anos
- g. Os 11 anos
- h. **Os 13 anos**
- i. Os 15 anos

11.Ao ver contidos porno, é importante ter en conta que...

- e. Son unha mostra realista e representativa de como deben ser as relacións sexuais.
- f. Son recursos didácticos moi valiosos para a nosa educación sexual.
- g. **Son actuacións que non reflicten de forma as relacións que se dan entre as persoas.**
- h. Son un manual de instrucións sobre como ter relacións sexuais.

12.\*O ... da mocidade pensa que o porno inflúe moito ou bastante en crear unha imaxe falsa sobre como é o sexo realmente.

- a. 27%
- b. **37%**
- c. 47%
- d. 57%

13.\*Un ... da mocidade pensa que o porno inflúe en presionar a outras persoas e a si mesmos/as para ter relacións ou realizar determinadas prácticas sexuais.

- a. 10%
- b. 20%
- j. **30%**
- c. 40%

14.Por que é importante falar de forma crítica sobre os contidos porno?

- a. Porque nos axuda a entender co que nos imos atopar nun encontro sexual.
- b. **Porque nos axuda a diferenciar entre realidade e ficción.**
- c. Porque así expoñemos e criticamos á xente que o ve.
- d. Porque o porno loita activamente en prol da igualdade e a diversidade.

15.O porno pode xerar presión nos mozos e mozas?

- a. Si, porque recolle bos exemplos do que hai que facer e o que non.
- b. Non, porque reflicte como debe ser o consentimento na práctica.
- c. **Si, porque pode contribuír a que sintan presión para imitar certos comportamentos ou ter certas expectativas que non son realistas.**
- d. Non, porque non ten ningún tipo de impacto sobre como as persoas perciben as prácticas sexuais.

16.Cando falamos de porno, por que é importante abordar o consentimento?

- a. Porque o consentimento tan só se dá no contexto das prácticas sexuais.
- b. Porque así temos máis argumentos para criticar a quen ve porno.
- c. Porque o porno non inflúe en como as persoas entenden o consentimento na vida real.
- d. **Porque no porno non sempre aparece reflectido o consentimento dunha forma clara.**

\*Datos de extraídos do estudo 'Juventud y pornografía en la era digital. Consumo, percepción y efectos' (FAD Juventud, 2023).

\*\*Scottmax (2024): <https://scottmax.com/pornhub-statistics/>

## CONSENTIMENTO

1. **Das seguintes afirmacións sobre o consentimento, indica cal é a válida:**
  - a. O consentimento só é válido se a persoa pronuncia un <<SI>> explicitamente.
  - b. Se me dan consentimento unha vez, xa o teño para sempre.
  - c. **O consentimento pode ser retirado en calquera momento, mesmo despois de comezar unha relación.**
  - d. Para que haxa consentimento, é suficiente con que a unha das persoas implicadas lle apeteza facer algo.
2. **Como pode unha persoa asegurarse que outra está cómoda durante un encontro sexual?**
  - a. **Mantendo unha comunicación verbal e non verbal fluída; comprobando e preguntando.**
  - b. Asegurándose que a outra persoa non lle di que pare.
  - c. Non é necesario, senón non tería comezado un encontro sexual.
  - d. Tomando o control da situación por decisión propia.
3. **O consentimento, nas relacións sexuais...**
  - a. ...non é necesario se as persoas xa mantiveron relacións anteriormente.
  - b. **...debe ser libre e voluntario, manifestado sen presión.**
  - c. ...estabécese tan só unha persoa, que é quen leva o control da situación.
  - d. ...significa cumprir coas expectativas que se teñen sobre o encontro sexual.
4. **Das situacións que se recollen a continuación, en cal delas hai falta de consentimento?**
  - a. As persoas aceptan de forma libre, clara e voluntaria a ter relacións.
  - b. **Unha persoa di que non quere, pero outra segue insistindo para intentar convencela.**
  - c. Ambas persoas están baixo os efectos do alcol, mais ambas queren e lles apetece ter relacións.
  - d. As persoas non pronuncian <<SI>> de forma explícita en ningún momento.
5. **Remata de forma correcta a seguinte frase: «O consentimento....»**
  - a. ...é algo que tamén se pode obter presionando, chantaxeando ou manipulando dependendo do contexto»
  - b. **...pode manifestarse sen palabras.**
  - c. ...non é necesario se as persoas están en parella.
  - d. ...significa ceder para complacer a outra persoa.
6. **Por que é importante manter unha comunicación fluída e aberta á hora de ter relacións?**
  - a. **Porque axuda a evitar malos entendidos e contribúe a que as persoas estean a gusto e cómodas.**
  - b. Porque é o que toca, márcalo a lei.
  - c. Porque senón poden falar mal de min e iso vai facer que outras persoas non queiran relacionarse comigo.
  - d. Porque así unha das persoas pode dicir que se vai facer e o que non libremente, sen medo a que logo llo boten en cara.
7. **Se unha persoa está fortemente afectada polo alcol ou outras drogas...**
  - a. ...salvo que diga alto e claro <<NON>>, está consentindo.
  - b. **...non pode pensar de forma clara, polo que o seu consentimento non é válido.**
  - c. ...pode consentir, pero só a unha parella, amizade ou persoa coa que ten confianza de antes.
  - d. ...é responsable do que lle poidan facer. Senón, telo pensado antes de emborracharse ou drogarse.
8. **Como se pode saber cando parar nunha relación, aínda que a outra persoa non cho pida?**
  - a. **Se parece que a outra persoa está incómoda ou que non lle está a gustar.**
  - b. Non se pode saber, así que se hai algo que falar, xa se fará despois para futuros encontros.
  - c. Se non hai un <<NON>> explícito é que todo vai ben e non hai por que parar.
  - d. Se comeza a espirrar.

## ROLES DE XÉNERO E USOS DO TEMPO

1. \*Cal é a media de tempo que lle dedican mulleres e homes semanalmente ás tarefas domésticas e de coidados non remuneradas?
  - a. 43h as mulleres, 28h os homes *[diferencia de 15h semanais, 780h ao ano]*
  - b. 31h as mulleres, 31h os homes
  - c. 30h as mulleres, 29h os homes
  - d. 15h as mulleres, 15h os homes
2. \*\*Cal é a media de tempo que lle dedican homes e mulleres ás tarefas do fogar durante un día laborable?
  - a. 150,52min as mulleres, 140,90min os homes
  - b. 172min as mulleres, 126,76min os homes
  - c. 190min as mulleres, 200,03min os homes
  - d. 230.85min as mulleres, 229min os homes
3. \*Cal é a media de tempo semanal que mulleres e homes dedican ao traballo remunerado?
  - a. 25h as mulleres, 26h os homes
  - b. 26h as mulleres, 36h os homes
  - c. 30h as mulleres, 35h os homes
  - d. 40h as mulleres, 40h os homes
4. \*Cal é a media de tempo semanal que lle dedican homes e mulleres ao coidado de fillos e fillas?
  - a. 40h as mulleres, 20h os homes
  - b. 35h as mulleres, 30h os homes
  - c. 30h as mulleres, 19h os homes
  - d. 16h as mulleres, 19h os homes
5. \*Cal é a media de horas semanais que homes e mulleres dedican ao traballo remunerado cando están en parella e teñen fillos e/ou fillas?
  - a. 20h as mulleres, 35h os homes
  - b. 18h as mulleres, 30h os homes
  - c. 25h as mulleres, 25h os homes
  - d. 30h as mulleres, 18h os homes
6. \*Cal é a media de horas semanais que reducen mulleres e homes a súa xornada laboral remunerada cando teñen responsabilidades de coidados?
  - a. 5h as mulleres, 7h os homes
  - b. 10h as mulleres, 4h os homes
  - c. 15h as mulleres, 10h os homes
  - d. 20h as mulleres, 20h os homes
7. \*Que porcentaxe de homes e mulleres solicitan permisos laborais para coidar fillos, fillas ou persoas dependentes?
  - a. 10% mulleres, 5% homes
  - b. 20% mulleres, 15%homes
  - c. 30% mulleres, 30% homes
  - d. 40% mulleres, 10% homes

8. \*\*\*Cal é a porcentaxe de mulleres e homes que teñen un traballo remunerado a tempo parcial por responsabilidades de coidados?
- a. 5% mulleres, 16,20% homes
  - b. 15,79% mulleres, 13,23% homes
  - c. **17,3% mulleres, 3,5% homes**
  - d. 25,32% mulleres, 2,5% homes

\*Estudo do Observatorio Social La Caixa 'Desigualdade de xénero no traballo remunerado e non remunerado tras a pandemia' (2023).

\*\* Enquisa do CIS sobre percepcións sobre a igualdade entre mulleres e homes (Xaneiro, 2024).

\*\*\*Datos do INE sobre razón do traballo a tempo parcial (2023).

## CONTROL EN REDES

1. Das seguintes situacións, cal é un exemplo de control a través das redes sociais?
  - a. **Esixirlle a unha persoa coa que me relaciono ter acceso ás súas redes sociais.**
  - b. Comentar de forma positiva as publicacións de alguén en redes.
  - c. Dicirlle a unha persoa de intercambiar contidos de gustos e intereses comúns.
  - d. Propoñerlle crear unha conta conxunta para compartir e recompilar momentos bonitos.
2. Das seguintes situacións, cal sería un exemplo de control a través de redes sociais?
  - a. Enviar mensaxes nos que se lle exige a unha persoa que responda de forma inmediata.
  - b. Exixirlle que deixe de seguir ou bloquee a outras persoas como forma de coidar a relación.
  - c. Pedirlle que mande capturas de pantalla das conversas con outras persoas.
  - d. **Todas as opcións son correctas.**
3. Das seguintes situacións, cal non sería un exemplo de control a través de redes sociais?
  - a. Insistirlle a alguén para que deixe de publicar vídeos ou fotos nos que non apareza coa súa parella.
  - b. **Dicirlle a unha parella ou amizade de compartir unha foto ou vídeo xuntas/os.**
  - c. Dicirlle a alguén que debe compartir a súa localización en tempo real como forma de lealdade.
  - d. Facer sentir mal a alguén por publicar fotos ou vídeos onde non se menciona á súa parella.
4. Que significa que unha parella ou amizade exerza control a través de DMs ou aplicacións de mensaxería?
  - a. Enviarlle mensaxes continuamente para obrigarlle a manter todo o tempo a comunicación.
  - b. Pedirlle a localización cada vez que sae da casa para ver onde está.
  - c. Enviarlle *reels* ou *tik-toks* de Labubus ou Sony Angels.
  - d. **A e B son correctas.**
5. Cal das seguintes situacións reflicte unha actitude de respecto e confianza?
  - a. Revisar as conversas dunha parella ou amizade con outras persoas.
  - b. **Respectar a privacidade e non presionar para ter acceso ao teléfono, mensaxes ou redes sociais.**
  - c. Publicar fotos cunha parella ou amizade sen pedirlle permiso.
  - d. Exixirlle a unha parella ou amizade que explique quen é cada persoa que lle dá 'me gusta' a unha publicación.
6. Como podería saber unha persoa se está sendo controlada a través das redes sociais?
  - a. **Cando lle exigen eliminar ou deixar de seguir a xente.**
  - b. Cando recibe todos os días mensaxes de apoio e cariño.
  - c. Cando pode publicar libremente e sen presión contidos nas súas redes sociais.
  - d. Cando lle preguntan polos seus intereses, gustos ou metas.
7. Se unha persoa ameaza con cortar a relación se non se lle dá acceso ás redes sociais, é sinal de...
  - a. ...amor e afecto.
  - b. ...confianza e respecto.
  - c. **...control e manipulación emocional.**
  - d. ...compromiso e responsabilidade afectiva.
8. Pedir acceso ás contrasinais ou redes sociais dunha parella ou amizade é unha conduta problemática?
  - a. Non, porque saber con quen e de que fala é unha forma de interese cara esa persoa.
  - b. Non, porque compartir ese tipo de información é o normal nunha relación.
  - c. **Si, e adoitan ir acompañadas de formas de chantaxe e manipulación emocional.**
  - d. Non, porque é unha forma moi honesta de evitar enganar e traizóns en calquera relación.

## VIOLENCIAS PSICOLÓXICAS

1. Cando unha persoa manipula a outra para facela sentir culpable, que tipo de violencia está exercendo?
  - a. Física
  - b. Económica
  - c. **Psicolóxica**
  - a. Institucional
2. Cando unha persoa emprega o silencio como forma de castigo está exercendo chantaxe emocional porque...
  - a. ...dá pé a que a outra persoa reflexione sobre o que fixo.
  - b. **...busca facer que a outra persoa se sinta mal ou culpable para conseguir o seu obxectivo.**
  - c. ...favorece que cada quen pense tranquilamente e sen presión.
  - d. ...contribúe a que a mellore a comunicación.
3. Cal dos seguintes comportamentos é un indicio de violencia psicolóxica?
  - b. **Pedirlle que cambie a súa forma de vestir para evitar ter celos.**
  - c. Dicirlle que se vista de gala para un evento importante.
  - d. Falar sobre preferencias e estilos na forma de vestir de forma aberta e sen xulgar.
  - e. Acordar un mesmo disface para o Entroido.
4. Cal dos seguintes comportamentos pode considerarse unha forma de violencia psicolóxica?
  - a. Pedir un tempo para reflexionar despois dun desacordo ou discusión.
  - b. Expresar que se está en desacordo sen ataques e sen insultos.
  - c. Compartir os sentimentos de forma honesta, incluso cando pode que a outra persoa vaia estar en desacordo.
  - d. **Ignorar durante horas ou días como forma de castigar a outra persoa que non fixo o que se lle pediu.**
5. Das seguintes situacións que se recollen, cal é unha forma de manipulación emocional?
  - a. Falar abertamente sobre as relacións doutra persoa.
  - b. Poñerlle límites a outra persoa.
  - c. **Culpar constantemente de todos os problemas nunha relación á outra persoa.**
  - d. Expresar dunha forma clara os propios sentimentos a outra persoa.
6. Cal das seguintes frases reflicte unha situación de violencia psicolóxica?
  - a. Agora mesmo non podo pensar tranquilamente, así que necesito que me deas espazo.
  - b. **Quita de aí que es inútil, de verdade que sen min non serves para nada.**
  - c. Para min é importante que me teñas en conta á hora de tomar este tipo de decisións.
  - d. Comprendo o que me dis, pero non estou para nada de acordo.
7. Cando unha persoa intenta manipular a outra ameazando con cortar a relación se non cede a facer o que lle está pedindo, é unha forma de...
  - a. ...asertividade.
  - b. **...chantaxe emocional.**
  - c. ...xestión da frustración.
  - d. ...desafogo.
8. Cal dos seguintes comportamentos é unha forma de ridiculización?
  - a. Eloxar a alguén por sacar unha boa nota.
  - b. **Comparar a unha persoa de forma despectiva con outra.**
  - c. Animar alguén a mellorar nalgunha actividade que lle gusta pero que non se lle dá ben.
  - d. Presumir diante dunha persoa que che tocou un premio.

**9. Cal das seguintes afirmacións esconden unha forma de menosprezo cara outra persoa?**

- a. Se practicas, vas mellorar.
- b. Está ben, pero penso que podes facelo mellor.
- c. **Non entendo como te escolleron a ti, debeu ser unha equivocación.**
- d. Se precisas algo, conta comigo para seguir mellorando.

**10. De que forma pode unha situación de violencia afectar emocionalmente a unha persoa?**

- a. Volvéndoa máis forte, porque seguro que aprende a defenderse.
- b. De ningunha forma, porque só afecta á saúde física, non psicolóxica.
- c. **Minando a súa autoestima e xerándolle unha forte sensación de soidade.**
- d. A e B son correctas.

## ACTUACIÓN FRONTE ÁS VIOLENCIAS

1. **Que debería facer unha persoa se unha parella ou amizade lle pide revisar as súas mensaxes ou redes sociais?**
  - a. Sentir un subidón de autoestima xa que iso é unha sinal de celos, e os celos son unha proba de amor.
  - b. **Entendelo como unha forma de control e de invasión á súa privacidade.**
  - c. Normalizalo, pois é algo que ven no paquete cando se ten unha relación.
  - d. Pedirle o mesmo para que sexa unha situación recíproca.
2. **A que número de teléfono podemos chamar para asesorarnos sobre como axudar a unha persoa que está vivindo unha situación de violencia machista?**
  - a. **016**
  - b. 111
  - c. 067
  - d. 123
3. **A Fundación ANAR ten un teléfono dirixido a informar, acompañar e atender a menores de idade que se atopen en calquera situación de violencia, real ou potencial. Sabedes cal é o número?**
  - a. 900 10 10 10
  - b. 900 20 20 20
  - c. **900 20 20 10**
  - d. 900 90 90 90
4. **Cal é a función dos Servizos Sociais municipais en situacións de violencia?**
  - a. Deter á persoa agresora.
  - b. Mediar entre as partes para que resolvan de forma tranquila a violencia.
  - c. Darlle cartos á persoa agredida.
  - d. **Apoiar ás persoas en situación de violencia, ofrecéndolle asesoramento, acompañamento e recursos.**
5. **Se unha amizade diche que está sufrindo unha situación de violencia, que poderías facer?**
  - a. Nada. É que non vai comigo así que o mellor é non meterme.
  - b. **Escoitala, apoiala e acompañala emocionalmente, e por suposto animala a contactar con servizos que a poden axudar co que está pasando.**
  - c. Pois dicirlle que o solucione dunha vez porque me dá moita pereza o tema.
  - d. Darlle ánimos e dicirlle que intente relativizar e ter paciencia, que seguro non dura para sempre.
6. **Se presencia unha situación de violencia de xénero, cal é a mellor forma de actuar?**
  - a. Meterme no medio e darlle unha malleira á persoa agresora.
  - b. Seguir camiñando, eu non son Batman para andar salvando a todo o mundo.
  - c. **Chamar de inmediato aos servizos de emerxencia para que actúen. Por exemplo, o 112.**
  - d. Mirar con cara de pena a situación.
7. **Se alguén sente inseguridade ou medo nunha relación de parella ou amizade, que debería facer?**
  - a. Mellor agardar e non dicir nada, seguro a situación mellora pouco a pouco.
  - b. Falar coa parella ou amizade para intentar chegar a un acordo.
  - c. Reflexionar sobre como facer as cousas mellor para que a outra persoa a trate mellor.
  - d. **Contarllo a unha ou máis persoas nas que poida confiar para axudala a rematar con esa situación.**

## 4.4. TEÑO ARTE NAS VEAS!

[dinámica de debuxo ou mímica]

---

### CONCEPTO A REPRESENTAR:

|   |                                                   |
|---|---------------------------------------------------|
| ▬ | Acoso                                             |
| ▬ | Apoderamento (empoderamento)                      |
| ▬ | Asertividade   Resolución de conflitos            |
| ▬ | Chantage emocional                                |
| ▬ | Ciberacoso                                        |
| ▬ | Comunicación   Diálogo                            |
| ▬ | Conflito                                          |
| ▬ | Consentimento                                     |
| ▬ | Control (en redes)                                |
| ▬ | Coidados   Sororidade                             |
| ▬ | Estereotipos de xénero   Roles de xénero   Xénero |
| ▬ | Feminismo   Igualdade                             |
| ▬ | Liberdade                                         |
| ▬ | Machismo   Misoxinia   Sexismo                    |
| ▬ | Tabú                                              |
| ▬ | Violencia física                                  |
| ▬ | Violencia psicolóxica   Gaslighting (luz de gas)  |
| ▬ | Violencia sexual                                  |

## CUESTIONARIO-DIAGNOSE: REAL OU FAKE?

---

Coa finalidade de realizar un pequeno mapa das percepcións que ten alumnado arredor dos estereotipos de xénero, a actuación fronte as violencias, o consentimento e como inflúe o porno e outros produtos audiovisuais inflúen na construción dos imaxinarios arredor das relacións sexuais, desde o Punto Violeta distribuirase un pequeno cuestionario conformado por 10 preguntas de 'verdadeiro ou falso'. Ademais, para incentivar a participación do mesmo na cumprimentación do cuestionario, ás persoas participantes entregaráselles un pequeno agasallo.

A continuación recóllense as preguntas que o conforman:

1. **Os gustos e desexos de cada quen son algo biolóxico co que se nace.**
  - a. Verdadeiro
  - b. **Falso**
2. **As expectativas que temos sobre as relacións sexuais adoitan estar influenciadas polo que vemos en películas, redes sociais, publicidade e demais medios de comunicación.**
  - a. **Verdadeiro**
  - b. Falso
3. **Cunha persoa coa que teño confianza, é normal poder mandarlle fotos íntimas sen preguntarlle primeiro se as queres.**
  - a. Verdadeiro
  - b. **Falso**
4. **Se lle mando un vídeo ou foto íntima a unha persoa deixa de ser miña e pasa a ser súa, de forma que pode compartila e ensinarlla a quen queira.**
  - a. Verdadeiro
  - b. **Falso**
5. **Os homes poden sentir o mesmo interese ou máis pola moda ou a maquillaxe que as mulleres, sen que iso teña nada que ver coa súa orientación ou identidade sexual.**
  - a. **Verdadeiro**
  - b. Falso
6. **As mulleres adoitan ter traballos de menor responsabilidade porque non se lles dá ben estar ao mando, liderar equipos ou tomar decisións importantes.**
  - a. Verdadeiro
  - b. **Falso**
7. **Teño dereito a revisar o móbil ou as redes sociais dunha persoa coa que estou saíndo.**
  - a. Verdadeiro
  - b. **Falso**
8. **Se unha persoa coa que me relaciono me fai sentir mal cada vez que fago plans sen ela, está exercendo unha forma de chantaxe emocional.**
  - a. **Verdadeiro**
  - b. Falso

9. Ignorar ou deixar de falarlle a unha persoa co que me relaciono como forma de castigo, é unha forma de violencia psicolóxica.
- a. Verdadeiro  
b. Falso
10. Se sospeito que unha persoa está vivindo unha situación de violencia, o mellor que podo facer é respectar o seu espazo e non facer nada, porque senón estaría invadindo a súa privacidade.
- a. Verdadeiro  
b. Falso

A ficha que se distribuirá ao alumnado desde os Puntos Violeta é a que a continuación se recolle:

## REAL OU FAKE? 🤔

Ti, que pensas?

|                                                                                                                                                                                            |                                                                       |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| Os gustos e desexos de cada quen son algo biolóxico co que se nace.                                                                                                                        | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| As expectativas que temos sobre as relacións sexuais adoitan estar influenciadas polo que vemos en películas, redes sociais, publicidade e demais medios de comunicación.                  | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Cunha persoa coa que teño confianza, é normal poder mandarlle fotos íntimas sen preguntarlle primeiro se as queres.                                                                        | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Os homes poden sentir o mesmo interese ou máis pola moda ou a maquillaxe que as mulleres, sen que iso teña nada que ver coa súa orientación ou identidade sexual.                          | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| As mulleres adoitan ter traballos de menor responsabilidade porque non se lles dá ben estar ao mando, liderar equipos ou tomar decisións importantes.                                      | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Se lle mando un vídeo ou foto íntima a unha persoa deixa de ser miña e pasa a ser súa, de forma que pode compartila e ensinala a quen queira.                                              | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Os vídeos e pelis porno reflexan de forma realista como adoitan ser as relacións e prácticas sexuais.                                                                                      | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Ignorar ou deixar de falarlle a unha persoa co que me relaciono como forma de castigo, é unha forma de violencia psicolóxica.                                                              | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Teño dereito a revisar o móbil ou as redes sociais dunha persoa coa que estou saíndo.                                                                                                      | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Se sospeito que unha persoa está vivindo unha situación de violencia, o mellor que podo facer é respectar o seu espazo e non facer nada, porque senón estaría invadindo a súa privacidade. | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Se unha persoa di que non lle apetece facer algo, non hai nada de malo en insistirlle moito para que, finalmente, ceda e o faga.                                                           | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Se unha persoa coa que me relaciono me fai sentir mal cada vez que fago plans sen ela, está exercendo unha forma de chantaxe emocional.                                                    | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |
| Consentir significa ceder ao que outra persoa quere que fagas.                                                                                                                             | Verdadeiro <input type="checkbox"/><br>Falso <input type="checkbox"/> |

|                   |                          |
|-------------------|--------------------------|
| Home              | <input type="checkbox"/> |
| Muller            | <input type="checkbox"/> |
| Outro. Cal? _____ | <input type="checkbox"/> |

|                                    |                |
|------------------------------------|----------------|
| Data de nacemento:<br>(dd/mm/aaaa) | ____/____/____ |
|------------------------------------|----------------|

|                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|-------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Centro de ensino: | _____                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| Curso:            | 1º ESO <input type="checkbox"/><br>2º ESO <input type="checkbox"/><br>3º ESO <input type="checkbox"/><br>4º ESO <input type="checkbox"/><br>1º BACHARELATO <input type="checkbox"/><br>2º BACHARELATO <input type="checkbox"/><br>FP BÁSICA <input type="checkbox"/><br>FP GRAO MEDIO <input type="checkbox"/><br>FP GRAO SUPERIOR <input type="checkbox"/> |

